

CARACTERÍSTICAS XERAIS DOS ANIMAIS

1. Enche coa palabra axeitada os ocos en relación as características xerais do Reino Animal.

O reino animal está formado por seres vivos (presentan máis dunha) e (cun verdadeiro nas súas células), que necesitan doutros seres vivos, nutrición , desenvolveron sistemas para relacionarse co medio no que viven (o máis evolucionado sería o noso sistema nervioso) e que teñen capacidade de , desprázanse, por exemplo, para buscar alimento.

Os animais son un dos grupos de seres vivos con gran biodiversidade e colonizaron todos os ambientes existentes. Podemos atopar animais vivindo no aire, na auga e na terra. A ciencia que estuda os animais denomínase

2. Os animais teñen diferentes estratexias reproductivas identifica se se trata de reprodución sexual/asexual e o seu tipo concreto.

A femia expulsa os ovos ao exterior cando os embrións están sen desenvolver ou nunha fase moi primitiva de desenvolvemento

Os embrións desenvólvense totalmente no ovo que está no interior do corpo da nai, da cal reciben os nutrientes necesarios, e que saen do ovo de maneira case inmediata á posta dos ovos

Os embrións desenvólvense dentro do útero da nai, da cal reciben o osíxeno e as substancias nutritivas necesarias para o seu desenvolvemento a través do estreito contacto cos tecidos maternos

Os embrións desenvólvense dentro do útero da nai, conectados pola placenta

Bolsa externa que teñen na zona do ventre as femias dos mamíferos marsupiales, na que manteñen e alimentan ás súas crías durante varios meses despois do nacemento

Transformación que experimentan determinados animais no seu desenvolvemento biolóxico e que afecta non só á súa forma senón tamén ás súas funcións e o seu modo de vida

Un individuo divídese en dous ou máis individuos cada un dos cales é capaz de reconstruír un organismo por completo

É unha división desigual; consiste na formación de prominencias sobre o individuo proxenitor, e que ao crecer e desenvolverse, orixinan novos seres que poden separarse do organismo parental ou quedar unidos a el, iniciando así unha colonia

A unión do espermatozoide co óvulo prodúcese fóra do corpo da femia.

A unión do espermatozoide co óvulo prodúcese dentro do corpo da femia.